

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026698	Espiñeira	Boiro	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CMELE02	Instalacións de telecomunicacións	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0364	Circuíto pechado de televisión e seguridade electrónica	2023/2024	9	157	188

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	PABLO FIGUEIRA BANDÍN
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Dada a variedade de situacións educativas e o contexto socio-laboral de Boiro, ofértase este ciclo formativo de Grao Medio de Instalacións de Telecomunicacións en réxime diúrno-tarde e fórmulase un currículo como "deseño aberto" para adecualo á realidade da zona e ao tipo de alumnos do centro.

A formación profesional, no ámbito do sistema educativo, ten como finalidade a preparación dos alumnos para a actividade no campo profesional, proporcionándolles unha formación polivalente que lles permita adaptarse ás modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida. Así mesmo, entre as finalidades máis destacadas da Formación Profesional específica que son comúns ao conxunto de Ciclos de Grao Medio temos que:

- Facilitar a incorporación dos mozos á vida activa.
- Contribuír á formación permanente dos cidadáns.
- Atender ás demandas de cualificación do sistema produtivo.

Semellantes finalidades, ratifican a pretensión desta comunidade escolar, formada por pais, alumnos, profesores e persoal de administración e servizos, relativa a que este centro educativo poida continuar en disposición de prestar á poboación nova da comarca do Barbanza, do mesmo xeito que o veu

facendo nestas últimas décadas, unha formación que lle permita acomodarse ás demandas de cualificación do sistema produtivo, e poder atender a este reto da forma máis convinte para os seus intereses e posibilidades de forma que constitúa unha finalidade real e factible a de contribuír á formación permanente dos cidadáns.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Sistemas electronicos de proteccion contra incendios e gases		60	25
2	Sistemas de seguridad contra robo e intrusion		38	25
3	Intalacions de circuito cerrado de television y videovigilancia		70	40
4	Normativa y seguridad laboral		20	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Sistemas electrónicos de protección contra incendios e gases	60

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os equipamentos e os elementos das instalacións de circuito pechado de televisión e sistemas de seguridade electrónica, con identificación das súas partes e as súas características máis salientables.	NO
RA2 - Configura pequenas instalacións de circuito pechado de televisión e sistemas de seguridade electrónica, con elaboración do esquemas, logo de seleccionar os equipamentos e os elementos.	NO
RA5 - Instala centrais de xestión de alarmas, sistemas de transmisión e elementos auxiliares aplicando técnicas de montaxe, para o que interpreta planos de localización e esquemas.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Identifícanse os bloques funcionais de cada tipo de instalación.
CA1.6 Descríbense os equipamentos de transmisión de sinal de alarma por cable e sen fíos.
CA1.7 Descríbense as funcións e as características dos equipamentos.
CA2.3 Identifícanse as características físicas e as condicións ambientais que afectan á configuración (iluminación, temperatura, correntes de aire, obstáculos e accesos, etc.).
CA5.1 Interpretáronse os planos e os esquemas.
CA5.2 Fixáronse e situáronse os elementos e os equipamentos.
CA5.3 Conectáronse os elementos de detección (volumétricos, infravermellos, gas, lume, etc.).
CA5.4 Conectáronse os equipamentos de transmisión (telefónica, vía satélite, etc.).
CA5.5 Conectáronse e programáronse as centrais de detección e alarma.
CA5.6 Visualizouse na web a recepción de sinais procedentes de equipamentos de transmisión vía satélite.
CA5.7 Confirmouse a recepción de sinais en distintos formatos de transmisión.
CA5.8 Estableceuse conexión remota para operacións de telecontrol.

4.1.e) Contidos

Contidos
Características e tipos dos detectores: de exterior e interior; biométricos; de lume, de fume e de gases.
Elementos de sinalización acústicos e luminosos.
Medios de transmisión (por cable, por fibra e sen fíos): características.
Deseño dun sistema de CPTV a partir das especificacións funcionais. Análise das características físicas e ambientais que afectan a instalación. Elaboración dos esquemas da instalación. Cálculos relativos a instalación.

Contidos

Técnicas específicas de montaxe. Normas de seguridade persoal e dos equipamentos.

Montaxe de centrais de alarma con cables e sen fíos. Sistemas de transmisión. Características de montaxe.

Verificación de recepción e visualización de sinais. Contramedidas.

Centrais receptoras de alarmas (CRA). Conexión remota.

Centrais de alarmas técnicas. Xestión remota.

Centrais e detectores de gas, de fume e de lume.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Sistemas de seguridad contra robo e intrusion	38

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Montar equipamentos de seguimento e control, para o que interpreta a documentación técnica.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícaronse as especificacións técnicas da instalación.
CA6.2 Localizáronse e fixéronse canalizacións, soportes e equipamentos.
CA6.3 Tendeuse e etiquetouse o cableamento.
CA6.4 Conectáronse os equipamentos de control e descodificación (protección de artigos, seguimento, fichaxe, biométricos, sen fíos, etc.).
CA6.5 Conectáronse os elementos sinalizadores e actuadores.
CA6.6 Instalouse e configurouse o software da aplicación específica (seguimento, accesos e presenza, etc.).
CA6.7 Verificouse o funcionamento da instalación.
CA6.8 Estableceuse conexión remota para operacións de telecontrol.
CA6.9 Realizouse seguimento de persoas ou obxectos mediante sistemas de posicionamento.

4.2.e) Contidos

Contidos
0Centrais de xestión de alarmas. Xestión e protocolos de actuación. Xestión remota. TCP/IP e GPRS. Configuración e visualización.
Detección de intrusión, de incendio e de gases.
Medios de transmisión (por cable, por fibra e sen fíos): características.
Montaxe de controis de acceso e de presenza.
Instalación de equipamentos de seguimento e control.
Montaxe de equipamentos de xestión e control de roldas. Software de xestión. Configuración.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Instalacións de circuíto cerrado de televisión y videovigilancia	70

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os equipamentos e os elementos das instalacións de circuíto pechado de televisión e sistemas de seguridade electrónica, con identificación das súas partes e as súas características máis salientables.	NO
RA2 - Configura pequenas instalacións de circuíto pechado de televisión e sistemas de seguridade electrónica, con elaboración do esquemas, logo de seleccionar os equipamentos e os elementos.	NO
RA3 - Monta instalacións de circuíto pechado de televisión aplicando técnicas de montaxe, para o que interpreta planos de localización e esquemas.	SI
RA4 - Pon a punto os equipamentos instalados, e configura o software de visualización e control.	SI
RA7 - Mantén instalacións de CPTV e seguridade, e describe as intervencións, tendo en conta a relación entre as disfuncións e as súas causas.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Interpretouse a normativa sobre instalacións de circuíto pechado de televisión (CPTV) e detección electrónica (intrusión, lume e gas, etc.).
CA1.2 Descríbense os tipos de instalacións de CPTV e detección electrónica (interior, exterior, vídeo intelixente e detección activa, etc.).
CA1.4 Descríbiuse a función específica de cada bloque funcional no conxunto da instalación.
CA1.5 Relacionáronse os símbolos dos esquemas cos elementos reais.
CA2.1 Identificáronse as especificacións funcionais e técnicas da instalación.
CA2.2 Elaboráronse esbozos e esquemas da instalación a partir das especificacións dadas.
CA2.4 Calculáronse os parámetros dos elementos e dos equipamentos da instalación (cobertura, perdas, atenuacións e alcance, etc.).
CA2.5 Seleccionáronse en catálogos comerciais os equipamentos e os materiais.
CA2.6 Elaboráronse orzamentos.
CA3.1 Identificáronse as especificacións técnicas da instalación.
CA3.2 Fíxose o abastecemento de ferramentas, materiais, equipamentos e instrumental de medida.
CA3.3 Trazouse a instalación.
CA3.4 Propuxéronse solucións aos problemas de montaxe.
CA3.5 Localizáronse e fixéronse canalizacións, soportes e equipamentos.
CA3.6 Tendeuse e etiquetouse o cableamento.
CA3.7 Configuráronse os parámetros dos equipamentos sen fíos.
CA3.8 Conectáronse os equipamentos tendo en conta as especificacións de fábrica.

Criterios de avaliación
CA3.9 Verificáronse os parámetros de funcionamento.
CA3.10 Aplicáronse criterios de calidade na montaxe.
CA4.1 Instalouse o software específico de configuración dos equipamentos.
CA4.2 Configuráronse os equipamentos en rede (cámaras IP, servidor web, gravadores dixitais de vídeo, etc.).
CA4.3 Programouse o sistema de almacenamento segundo as especificacións.
CA4.4 Configurouse o acceso aos servidores externos de visualización.
CA4.5 Instalouse software de visualización en dispositivos fixos e móbiles.
CA4.6 Instalouse e configurouse software de análise de imaxes, seguimento, control biométrico e recoñecemento de matrículas, etc.
CA4.7 Estableceuse conexión remota cos dispositivos fixos e móbiles.
CA4.8 Verificouse o funcionamento da instalación.
CA7.1 Identificáronse os elementos susceptibles de mantemento.
CA7.2 En caso de mantemento correctivo, comprobouse que a avaría coincida coa indicada no parte de avarías.
CA7.3 Propuxéronse hipóteses razoadas das causas da disfunción e a súa repercusión na instalación.
CA7.4 Localizouse a avaría utilizando un procedemento técnico de intervención.
CA7.5 Reparouse a avaría.
CA7.6 Comprobouse a compatibilidade do elemento substituído.
CA7.7 Realizáronse as medidas dos parámetros de funcionamento utilizando os instrumentos indicados ou o software adecuado.
CA7.8 Estableceuse conexión remota para operacións de telemantemento.
CA7.9 Elaborouse no formato adecuado un informe das actividades desenvolvidas e dos resultados obtidos, que permitirá actualizar o histórico de avarías.
CA7.10 Respectáronse os criterios de calidade.

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Análise de risco: niveis</p> <p>Circuíto de televisión (CTV). Principios básicos de vídeo. Bloques funcionais e simboloxía. Sinais de vídeo e medidas.</p> <p>Medios de transmisión (por cable, por fibra e sen fíos): características.</p> <p>Circuíto pechado de televisión (CPTV). Bloques funcionais.</p> <p>Tipos, funcións e características dos equipamentos: cámaras; monitores; procesadores, secuenciadores e multiplexores; sistemas de almacenamento de imaxes, e accesorios.</p> <p>Vídeo intelixente.</p>

Contidos

Interpretación de proxectos técnicos de instalacións de CPTV e seguridade electrónica.

Interpretación de esquemas das instalacións de CPTV e seguridade.

Aplicación de programas informáticos de cálculo e configuración das instalacións.

Debuxo técnico aplicado.

Elaboración de orzamentos.

Selección de compoñentes. Manexo de catálogos comerciais.

Especificacións técnicas da instalación.

Planos e esquemas normalizados: interpretación.

Situación dos compoñentes dun CPTV: canalizacións, tubos, caixas e estrutura. Solución aos problemas da montaxe.

Elección dos medios de transmisión: por cable, por fibra ou sen fíos.

Ferramentas e equipamentos.

Técnicas específicas de montaxe. Conexión de dispositivos e compoñentes. Instalación e configuración de equipamentos.

Instalación e configuración de software.

Software de integración en rede.

Programación de sistemas de gravación de vídeo.

Software de edición.

Programación e verificación dos parámetros de funcionamento.

Posta en servizo da instalación.

Avarías típicas en instalacións de CPTV e seguridade.

Software de diagnóstico.

Equipamentos e medios. Instrumentos de medida.

Diagnóstico, localización e reparación de avarías.

Operacións de telemantemento.

Medidas de protección, sinalización e seguridade.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Normativa y seguridad laboral	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Configura pequenas instalacións de circuíto pechado de televisión e sistemas de seguridade electrónica, con elaboración do esquemas, logo de seleccionar os equipamentos e os elementos.	NO
RA8 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, as medidas e equipamentos para os previr.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.7 Aplícase a normativa na configuración da instalación.
CA8.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os utensilios, as máquinas e os medios de transporte.
CA8.2 Manéxanse as máquinas respectando as normas de seguridade.
CA8.3 Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais e ferramentas, etc.
CA8.4 Descríbense os elementos de seguridade (proteccións, alarmas, pasos de emerxencia, etc.) das máquinas e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular e indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de mecanizado.
CA8.5 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
CA8.6 Determináronse as medidas de seguridade e de protección persoal que se deben adoptar na preparación e na execución das operacións de montaxe e mantemento das instalacións domóticas e as súas instalacións asociadas.
CA8.7 Identifícanse as posibles fontes de contaminación ambiental.
CA8.8 Clasifícanse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
CA8.9 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e os equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

4.4.e) Contidos

Contidos
Normativa.
Normativa.
Identificación de riscos.
Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.
Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.
Equipamentos de protección individual.
Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

As ensinanzas deste módulo impártense en réxime presencial, polo que é obrigatoria a asistencia do alumnado a todas actividades previstas na programación. Os alumnos que non cumpran con esta asistencia de forma non xustificada poderán ser dados de baixa ou perder o dereito a avaliación continua tal como se expresa na resolución do 26 de xullo de 2011 (DOG do 8 de agosto).

Os mínimos esixibles son os indicados no apartado 4.c da presente programación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Tendo en conta os obxectivos marcados nos procedementos de avaliación, os criterios de cualificación ponderaránse da maneira seguinte:

- a) Os exames escritos teórico-prácticos. (60%).
- b) Traballos prácticos, exercicios e prácticas.(40%).

As probas escritas individuais a cualificación expresarase en valores numéricos e cada pregunta terá reflexado o seu valor.

Para superar o módulo será necesario acadar unha nota mínima de 4 puntos nos exames escritos/prácticos e que a nota media ponderada sexa igual ou superior a 5 puntos, contando sempre con algo de flexibilidade.

As convocatorias dos exames serán únicas debendo presentar un xustificante debidamente cumprimentado aqueles alumnos que non se puidesen presentar a algún exame e/ou calquera outra actividade. Se a xustificación é válida permitiráselles o uso da convocatoria. O cálculo da nota final farase coa media das tres avaliacións, sendo necesario superar cada unha delas.

Para avaliar as actitudes utilizarase a observación sistemática do comportamento do alumno na aula, e terase en conta a asistencia e puntualidade, a colaboración e actitude para o traballo individual e en grupo, orde e limpeza do posto de traballo, conservación dos medios didácticos, respecto aos compañeiros etc. Avaliarase nos distintos traballos prácticos.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Tendo en conta os criterios de avaliación relacionados nas diferentes unidades, informarase aos alumnos daqueles coñecementos teórico-prácticos que se considerarán imprescindible mellorar para acadar a avaliación positiva.

Antes de sometelos ao exame de recuperación, propoñerase reforzar os coñecementos teóricos e os procedementos prácticos, cunha selección mínima pero suficiente de contidos.

Os exames de recuperación terán a mesma estrutura cos ordinarios:

- Fase teórica, respondendo a cuestións relevantes das unidades temáticas, pero coa modulación indicada.
- Fase práctica e de taller para demostrar as competencias procedimentais.

Ao final do terceiro trimestre o alumno poderá recuperar aquelas avaliacións non superadas nun ou varios exames finais de recuperación.

Actividades de recuperación

- As actividades de recuperación final faranse ao rematar a 3ª avaliación e antes da avaliación final (normalmente é a 2ª e 3ª semana de Xuño).
- O profesor planificará e desenvolverá unha serie de actividades con intención de recuperar os instrumentos de avaliación suspensos correspondentes a unha o varias avaliacións pendentes dun alumno.
- A programación das actividades versarán sobre os contidos vistos ao longo do curso, polo que serán de reforzo educativo. Os tipos de actividades serán teóricas (exercicios, traballos, proxectos de investigación, etc.) e/ou prácticas e axustaranse o caso particular de cada alumno.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

-A avaliación destes alumnos faráse segundo a avaliación final ordinaria de módulos.

-As probas que terán que superar serán as seguintes:

1. Primeira proba: Exame correspondente a totalidade da materia do módulo profesional ou, se é o caso, da materia que non teña acreditada, para o que disporá dun tempo máximo establecido.
2. Segunda proba: Realización por parte do alumno dalgunha ou algunhas actividades prácticas realizadas ao longo do curso na que deberá obter unha cualificación de apto e para o que disporá dun tempo máximo variable segundo a actividade a realizar.

- Os criterios de avaliación, os mínimos esixibles e os criterios de cualificación serán os mesmos que os establecidos nos puntos anteriores desta programación.

Se o alumno asistiu a clase, aínda que por exceso de faltas perda o dereito a avaliación continua e sempre que realizase e aprobase todas as actividades prácticas ao longo do curso, podería quedar exento de realizar a segunda proba, en parte ou na súa totalidade.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

No artigo 33, do capítulo III do Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na comunidade autónoma de Galicia sinalase que o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que se establecerán indicadores de logro nas programacións didácticas. Pola súa banda a Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial indica a necesidade de incluír na programación un apartado sobre o procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Neste sentido, e aplicando o recollido no artigo 77.2 d) do Decreto 324/1996 de 26 de xuño no que se sinala que a Comisión de Coordinación Pedagóxica terá [...] a competencia de establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos departamentos, a Comisión Pedagóxica celebrada o día 09/06/2021 no IES Espiñeira, estableceu a necesidade de incorporar ás programacións didácticas de todo o

centro unha ferramenta de avaliación dos procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Polo tanto establécese como mecanismo común a todo instituto, e polo tanto tamén para esta programación didáctica, a elaboración de enquisas de avaliación da práctica docente que serán contestadas de xeito anónimo polo o alumnado. Establécense 2 enquisas:

- Enquisa Preliminar de Novembro: O obxectivo desta enquisa é detectar posibles desviacións e problemáticas que non son manifestadas polos estudantes durante as sesións por diversos motivos pero que si poden ser máis facilmente detectables nunha enquisa anónima na que existe un maior ambiente de confianza. A temporalización desta enquisa, xa en novembro, ten a intención de que as desviacións poidan ser detectadas a tempo para a súa corrección no propio curso académico.

- Enquisa Preliminar de Maio (pode ser abril ou marzo para 2o ciclos / FPB /bacharelato): A enquisa que terá un deseño similar a de novembro terá por obxectivo unha vez desenvolvida a práctica totalidade do curso, coñecer o grao de satisfacción do alumnado e estudar a súa opinión sobre que aspectos positivos se deben potenciar e que aspectos negativos se deben corrixir, para de cara ao deseño da programación didáctica do vindeiro curso facer os axustes necesarios para que o desenvolvemento da actividade docente sexa aínda máis eficiente.

A enquisa poderase facer a través de medios telemáticos ou físicos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Na primeira ou primeiras sesións, o profesor fará un estudo inicial das características e coñecementos previos do alumnado, ben mediante unha observación/diálogo espontáneo, ou ben mediante a realización dun test/cuestionario escrito. Será especialmente importante coñecer con estas ferramentas:

- Motivacións do alumno para estudar o ciclo.
- Estudos previos realizados.
- Na medida do posible, entorno socio/familiar que rodea ao alumno.
- Expectativas profesionais ao acabar o ciclo

Cos resultados obtidos, teremos un punto de partida axeitado para comezar o proceso de ensino/aprendizaxe.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

En todos os grupos de alumnado se presentan inquietudes e necesidades educativas moi diversas; a atención á diversidade é a vía que permite individualizar, dentro do posible, o proceso de ensino e aprendizaxe. Para atender estas necesidades, aplicaránse as seguintes medidas:

- Emprego de enfoques diversos: procurarase adaptar a forma de presentar os contidos e actividades en función dos distintos graos de coñecementos e capacidades previos detectados nos alumnos-as, dos seus diferentes graos de autonomía e das dificultades identificadas en actividades anteriores.
- Propor actividades diferentes: éstas poden ser de menor complexidade (actividades de reforzo) ou de maior complexidade (actividades de ampliación), exercicios prácticos moi conductistas.

En calquera caso, os contidos consideraranse suficientemente flexibles para permitir adaptacións apropiadas a cada caso ou a cada grupo concreto.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Dentro do módulo, trataráanse os temas transversais seguintes:

- Educación para a saúde:

Traballarase a atención e respecto das normas de uso e seguridade de ferramentas e máquinas, así como orden e limpeza do posto de traballo.

- Educación e civica:

Traballarase o fomento de actitudes de respecto cara ás persoas, sexa cal sexa a súa condición social, sexual, racial ou as súas crenzas, valorando pluralismo e a diversidade, participación activa na aula, asistencia e puntualidade, orde e pulcritude nos traballos.

- Educación medioambiental e do consumidor:

Potenciaráanse actitudes persoais de aproveitamento de recursos tanto materiais como enxéticos na aula.

- Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos:

A idéntica dedicación e trato a ambos os sexos evitando actitudes protectoras cara ás alumnas e asignando tarefas en función das capacidades individuais do alumno-a sen ter en conta o seu sexo, servirán de exemplo e base para consolidar esta igualdade.

- Educación para a paz:

Traballarase a actitude fronte ao conflito, vendo este como un proceso natural e consustancial á existencia humana que, ben canalizada, axuda a clarificar intereses e valores, converténdose entón nun proceso creativo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Faranse aquelas que se fixen no departamento, no cal consideramos que as actividades complementarias e extraescolares son outro dos baremos que mide a calidade educativa, polo que debemos fomentalas e procurar unha participación importante do alumnado nas mesmas.

As visitas técnicas deben de estar conectadas coas actividades de ensino-aprendizaxe desenvolvidas no centro educativo, co fin de fomentar a relación co contorno produtivo e actuar como reforzo dun conxunto coherente de tarefas realizadas na aula, por iso, en calquera caso, estas visitas deben de ter obxectivos concretos e programados e deben organizarse dun xeito que non impliquen unha ruptura co proceso xeral de ensino-aprendizaxe do ciclo. A visita técnica debe procurar un achegamento á realidade profesional á que está vinculada a competencia profesional do título, por iso, contemplaremos nas actividades varias visitas a empresas relacionadas co sector da electrónica e das telecomunicacións, e se coincidise con algunha feira do sector, tamén se podería intentar asistir a ela.